

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA: AULA DE LOMBA - BUDIÑO - Curso 2021/22

1.- CONTEXTUALIZACIÓN:

Como mestra-titora da aula de Lomba-Budiño, dende hai xa varios anos, elaborei esta programación para o meu grupo-aula, pertencente ao CRA Raíña Aragonta -situado no Concello de Salceda de Caselas (PO). O grupo da aula-unitaria de Budiño é un grupo mixto no que hai escolarizados 7 cativos de idades comprendidas entre os 3 e 5 anos e que, polo tanto, cursan o 2º ciclo de Educación Infantil. De xeito máis concreto contamos con: 1 pequena de 3 anos; 4 cativos/as de 4 anos e 2 nenos de 5 anos, que cursan o 6º e último nivel da etapa infantil.

O castelán é a lingua materna predominante entre o alumnado, co cal, será a lingua que utilizarei na aula ó tempo que lles irei introducindo progresivamente o galego.

2.- OBXECTIVOS:

Deseñemos tomando como referencia os OXE e de área do D. 330/2009, do 4 de xuño, e tendo en conta as características do meu alumnado e o curso no que se atopan. Organiceinos en base ás 3 áreas do currículo de Infantil, as cales traballo globalizada e interrelacionadamente, atendendo: ao desenvolvemento de tódalas capacidades dos nenos, á iniciación na adquisición das Competencias básicas e das intelixencias múltiples, ao fomento da Educación en Valores e á Educación para a saúde.

En liñas xerais, os obxectivos que vou traballar durante o curso escolar, de forma gradual e progresiva, son:

- Adaptarse á escola e/ou nivel e ás novas circunstancias que isto implica.
- Coñecerse e desenvolver unha imaxe axustada e positiva de si mesmo;
- Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais;
- Explorar e interaccionar coa súa contorna: física, natural, social e cultural;
- Descubrir habilidades lóxico-matemáticas;
- Desenvolver e enriquecer progresivamente as posibilidades de expresión;
- Iniciarse na utilización das novas tecnoloxías e aproximarse á lingua estranxeira.

3.- CONTIDOS

En función destes obxectivos, organicei e concretei os diversos contidos que vou traballar ó longo deste curso, abordando tódolos bloques de contidos que conforman as 3 áreas de Infantil. Entre estes destacarei:

- Adaptación ó contexto escolar e/ou ó novo curso, así como ás súas circunstancias.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa;
- Interaccións axeitadas, respectando as diferenzas e fomentando a igualdade.
- Participación na exploración dos diversos compoñentes da contorna próxima;
- Vivenciación e experimentación progresiva das habilidades lóxico-matemáticas;
- Gusto por comunicarse a través das diferentes formas de expresión;
- Achegamento á lingua escrita e ó uso da mesma;
- Iniciarse na utilización das novas tecnoloxías, enriquecendo as súas posibilidades.

No traballo dos mesmos, tamén inclúo o tratamento da Educación en Valores, impregnando a práctica educativa no seu conxunto.

4.- AVALIACIÓN:

Baseándome no D. de Currículo 330/2009 e na Orde do 25 de xuño do 2009, levareina a cabo de forma global, continua e formativa, que me permita valorar o proceso de ensino (grao de adecuación dos elementos da miña programación e da miña práctica docente) e o de aprendizaxe (a grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas, as capacidades acadadas polo alumnado segundo os obxectivos propostos), introducindo as modificacións oportunas.

Utilizarei, principalmente, a observación directa e sistemática (especialmente dos procesos individuais) complementándoa con: entrevistas, diarios de clase, producións e traballos persoais dos nenos...

Levareina a cabo en 3 momentos (inicial, continuo e final), quedando reflexada nas 4 sesións de avaliación consensuadas no centro. Respecto da avaliación do proceso de aprendizaxe, deseñarei uns criterios de avaliación, graduais e progresivos, acordes ás peculiaridades / necesidades / prioridades / idades / nivel... de cada neno ou nena (explícitos na miña programación de aula) e que, á vez, incluirei nos criterios trimestrais de avaliación. Esta valoración, polo tanto, tamén me servirá para: elaborar os documentos avaliativos que me corresponden como mestra-titora así como para informar ás familias sobre a evolución dos seus fillos/as e facelos partícipes e continuadores do seu proceso educativo.

5.- METODOLOXÍA:

Baseándome na concepción construtivista da aprendizaxe, propoño unha metodoloxía: globalizadora, participativa, motivadora, lúdica, creativa, activa e

autónoma, na que fomento o “aprender a aprender”, o “aprender facendo” e o “aprender cooperando”. Todo elo, nun ambiente axeitado que favoreza unha aprendizaxe significativa e funcional e un estilo educativo baseado máis nos procesos que nos resultados. Ademais, promovo a individualidade e a atención á diversidade do alumnado e, especialmente nesta etapa, fomento a interacción entre familia-escola, promovendo unha constante relación e colaboración familiar.

Respecto dos aspectos organizativos, adaptareinos ás características, ritmos e necesidades dos nenos: - os espazos serán flexibles, cambiantes, variados e funcionais (haberá zonas de: asemblea; traballo individual e/ou grupal; de xogo, recunchos de uso individual...); - os agrupamentos serán flexibles e heteroxéneos, priorizando tres grupos estables de convivencia e, na medida do posible, promovendo todo tipo de agrupamentos (dende o pequeno ao gran grupo); - a organización temporal, será flexible e dinámica, e combinarei tempos de rutinas, priorizando todas aquelas que contribúan a unha mellor seguridade e saúde no alumnado, con tempos de actividades de tipo máis específico.

Ademais, axudareime de todo tipo de recursos, tanto humanos como materiais, facendo un bo uso dos mesmos (respecto das medidas de desinfección...) e aproveitando ó máximo o seu potencial educativo... Por esta razón, e dado que a miña práctica docente xirará en torno á proposta de diversos e variados núcleos temáticos globalizadores, non empregaremos “libros” como tal (agás para o desenvolvemento da lóxica-matemática... dados os aspectos que comprende), senón que irei elaborando e/ou empregando o material que mellor se adapte ás necesidades, intereses, demandas, inquietudes... do alumnado e/ou do potencial das circunstancias que vaian xurdindo ao longo do ano. Así mesmo, ao longo do curso: tratarei de continuar co programa de estimulación á linguaxe denominado “Comunicarnos”, nos tres niveis de infantil, e participarei no Proxecto de Centro que levaremos a cabo neste curso sobre “A volta ao mundo”, estreitamente relacionado co tema do noso PLAMBE “Caselín dá a volta ao mundo”.

En calquera caso, adaptarei a miña metodoloxía ás indicacións e circunstancias que vaian xurdindo respecto das actualizacións do protocolo covid do centro.

6.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Basearei a miña programación en principios activos, lúdicos, inclusivos, integradores e non discriminatorios. En todo momento, e na medida das miñas posibilidades,

atenderei á diversidade do alumnado, é dicir, entre outros aspectos: - adaptarei a miña práctica educativa ás características individuais de cada neno/a (en función dos rasgos, necesidades, intereses, estilos cognitivos, ritmos de aprendizaxe... que presenten os cativos); e -tratarei de ofrecer a mellor resposta que poida ás circunstancias que se presenten na aula. Así mesmo, en caso necesario, coordinareime, colaborarei e traballarei conxuntamente co Departamento de Orientación do Centro (DO), e coas especialistas de Audición e Linguaxe (AL) e de Pedagogía Terapéutica (PT).

7.- ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ALTERNATIVA Á RELIXIÓN:

Fundamentareinas na educación en valores así como naquelas que axuden a discriminar entre actividades positivas na nosa vida cotiá e actividades negativas e/ou prexudiciais. Todo elo, mediante diferentes e variados recursos (entre outros: contos, curtametraxes, xogos, etc.) os cales, a súa vez, aproveitarei como xeradores de actividades didácticas e lúdicas.

*** “PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL”**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de Budiño, nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: “PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS.”

TITORA: Sandra González Rodríguez.

Salceda de Caselas, 10 de Setembro do 2021.-